

Dos valores á cidadanía: cambios e problemas persistentes

Neste artigo explícase o que foi a experiencia da Educación en Valores na LOXSE. Logo analízase a actual proposta de Educación para a Cidadanía e a súa conxunción no marco da Unión Europea. Os problemas persisten, pero os modos de afrontalos e darlles resposta varían.

Antonio Bolívar
Universidade de Granada

Palabras clave

Educación en valores, Educación para a Cidadanía, función educativa da escola.

A chamada “educación en valores” e os “temas transversais” introdúcense no currículo con motivo do desenvolvemento da Lei de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE, 1990). A partir de entón, e dependendo dos gobernos de cada comunidade autónoma, realízase un amplo esforzo de posta en práctica e sensibilización, a través de programas, cursos, seminarios ou grupos de traballo, proxectos de innovación e formación, etc. Arestora revisaremos, primeiro e de modo sucinto, os problemas que se presentaron e o xeito de articularlos mellor e apoiar a súa posta en práctica (Bolívar, 1998). En segundo lugar, analizaremos por que se introduciu a Educación para a Cidadanía e as súas posibilidades de desenvolvemento.

Os valores no currículo

As orientacións curriculares dos noventa propoñían inscribir a educación en valores

e actitudes en todos os eidos da acción educativa (cadro 1). Así, os chamados *contidos actitudinais* forman parte dos contidos de todas as áreas da educación obrigatoria; ademais, os *temas transversais* amplían esta formación en campos específicos; a *materia de Ética* (“*La vida moral y la reflexión ética*”), no curso final da educación secundaria obrigatoria, completa a dita formación cunha reflexión crítica de segundo grao sobre as normas e valores; e, por último, máis ampla e globalmente, a educación en valores é tarefa da acción conxunta do centro escolar polo *proxecto educativo*.

Non obstante, ¿por que este amplo deseño no que a educación en valores invade e “enchoupa” todos os ámbitos da acción educativa, tivo graves problemas sociais e didácticos para a súa posta en práctica? A resposta é clara: non abonda cun bo deseño se non se articulan, á vez e debidamente, condicións organizativas



Contidos	Tratamento	Responsabilidade
<i>Contidos actitudinais</i>	Todos os bloques de contido das 3reas na educaci3n b3sica ou obrigatoria	O profesorado nas s3as respectivas 3reas (programaci3n de 3reas e materias)
<i>Temas transversais</i>	Horizontal en todas as 3reas, que se debe incluír nos respectivos proxectos curriculares	Proxecto curricular de cada 3rea, e no proxecto conxunto de escola
<i>3tica cívica</i>	Último curso da educaci3n secundaria obrigatoria	Profesorado de Filosofía
<i>Proxecto educativo de escola</i>	Finalidades educativas, organizaci3n e funcionamento da escola	Conxunto do profesorado do centro escolar

Cadro 1. A educaci3n moral e cívica no currículo, segundo a LOXSE.

para inserila curricularmente e se vincula aos contextos sociais. Non se debe delegar a tarefa s3 na escola, hai que incidir, ao mesmo tempo, na implicaci3n e responsabilidade da comunidade, se non se quere contribuír a incrementar a insatisfacci3n co labor educativo, o malestar e a crise de identidade docente.

Así, un bo programa educativo de Educaci3n para a Saúde non pode quedar confinado a actividades educativas. Unha das virtualidades que advirto no Plan Valora, como liña de innovaci3n educativa da Consellería de Educaci3n e Ordenaci3n Universitaria, é que busca integrar liñas e esforzos das distintas Consellerías (Igualdade e Benestar; Polítca Territorial, Obras Púbricas e Transportes; Innovaci3n e Industria; Sanidade; Pesca e Asuntos Marítimos; e Medio e Desenvolvemento Sostible).

O asunto é como vertebrar e interrelacionar as distintas dimensi3ns en

iniciativas e acci3ns integradas, pois a verdadeira dificultade est3 en abordalas dende unha formulaci3n global e continuada. Se, pola contra, se limita a acci3ns puntuais ou separadas, ademais de facerlle perder parte do seu potencial educativo, sempre se percibir3 como unha intensificaci3n do traballo docente. Os distintos temas transversais, aínda que presenten elementos de incidencia diferencial, teñen que confluír nun tratamento educativo integrado, en funci3n dos valores que se determinaron no proxecto de escola como liñas de acci3n pedag3gica com3n. Considerar illadamente os contidos de actitudes de cada disciplina, a trama organizativa da vida escolar no centro e o tratamento individualizado de cada tema transversal minguarí a incidencia educativa (Bolívar, 1997).

En último termo, educar en valores hoxe non lles concirne s3 a educadores e

profesorado, porque o obxectivo dunha cidadanía educada é un obxectivo de todos os axentes e instancias sociais. Asumir por separado a tarefa educativa, ante a falta de vínculos de articulaci3n entre familia, escola e medios de comunicaci3n, pasa a ser unha fonte de tensi3ns, malestar docente e novos desafíos. E é que educar en valores debería significar crear un 3mbito ou ambiente educativo, como acci3n conxunta compartida. Pois, no fondo, a educaci3n en valores apunta cara a un *proxecto social*, a unha nova articulaci3n da escola e sociedade, como 3mbito educativo ampliado, compartido en múltiples espazos, tempo e axentes socializadores ou educativos. Sen unha articulaci3n entre escola e sociedade, 3 parte de que en todo momento será insuficiente a acci3n educativa formal, o máis grave, é que perdurar3 a contradicci3n entre educar en valores desexables e educar para os valores vixentes na vida. Non sempre o modo en que viven os alumnos os valores experimentados na escola é o axeitado para triunfar na vida. Por iso, cómpre reivindicar a dimensi3n comunitaria neste tipo de educaci3n, dado que este labor non é exclusivo da escola e dos seus mestres e profesoras.

Coa Lei de calidade (LOCE), esta dimensi3n quedaba silenciada para volver poñer a énfase nos resultados, na calidade

Sen unha articulaci3n entre escola e sociedade perdurar3 a contradicci3n entre educar en valores desexables e educar para os valores vixentes na vida

e no esforzo persoal. A educación en valores, en calquera caso, vén dicir, está na relixión ou na súa subalterna. Deste modo, o profesorado puido percibir como unha de tantas ondas que pasan, co grave perigo de deixar a terra queimada, en lugar de barbeito presto para sementar. Atopámonos, daquela, ante a necesidade de repensar que lugar debe ter a formación dos cidadáns no currículo escolar, e como debe tratarse. A Educación para a Cidadanía, como a queremos entender aquí, xógase no propio modo de traballar os saberes escolares, en como se constrúen os coñecementos na clase e, sobre todo, na propia vida do centro. Porque o centro, en conxunto, é o que debe ofrecer unha experiencia que favoreza o seu cultivo.

Algúns cambios

Recentes cambios sociolóxicos fixeron emerxer con forza novos problemas: multiculturalidade que medra nas aulas, graves problemas de convivencia e condutas antisociais, que ameazan con converter en guetos determinados centros, cos conseguintes procesos de desigualdade e exclusión. Xunto aos temas transversais oficiais (educación para a Paz, para a igualdade de oportunidades, para a saúde, a educación ambiental, do consumidor, a educación moral e cívica, etc.) tivo, logo, que centrarse naquilo que requiría respostas inmediatas para unha axeitada

A Educación para a Cidadanía xógase no modo de traballar os saberes escolares e, sobre todo, na propia vida do centro

convivencia nos institutos. De entre todos eles, a resolución non violenta de conflitos converteuse nunha cuestión desacomogante, que debe aproveitarse para exercitar o diálogo nunha cultura de paz.

Todo iso, coido, conduciu a poñer en primeiro plano o que dá coherencia á educación pública: aprender a vivir en común nun mundo compartido con outros. A formación dos cidadáns con aquel conxunto de virtudes e carácter (hábitos) que fan agradable a vida en común, é o núcleo da educación en valores (Bolívar, 1998). A educación para a cidadanía marca unha dirección para facerlles fronte aos novos problemas, ao tempo que segue outorgándolle vixencia á escola pública, pois o civismo dos cidadáns comprende todo aquilo que fai posible unha convivencia no espazo público. Como a condición de “cidadanía”, o civismo inclúe o conxunto de comportamentos propios dunha persoa educada e todos aqueles modos e valores (cultura ou *êthos*) que conforman a desexable convivencia cidadá.

Dende esta perspectiva, en último extremo, a educación en valores oríentase a contribuír a formar cidadáns máis competentes civicamente e comprometidos nas responsabilidades colectivas, o que entraña pensar e actuar tendo presente as perspectivas dos outros. A educación da cidadanía reformulada pode servir para estes propósitos e para seguir dando vixencia á escola pública. Por iso, un libro que orienta sobre estas cuestións (Bolívar, 1998), tituleino *Educación en valores. Una educación de la ciudadanía*.

A cidadanía na axenda das reformas educativas actuais

Asistimos dende os noventa a un crecente interese pola educación para a cidadanía, tanto dende a teoría ética coma dende as políticas educativas promovidas pola Unión Europea. Iso responde á necesidade de contribuír a formar cidadáns máis competentes civicamente e

comprometidos, a través da participación, nas responsabilidades colectivas. De aí a preocupación por unha educación para o exercicio activo da cidadanía informada, responsable e democrática. A maioría dos países da Unión Europea comparten a idea de que non abundan as estruturas formais dunha democracia para darlle forza e sostibilidade, e que son necesarias as virtudes cívicas e a participación activa do seu público. O enfoque de cidadanía pode, ademais, superar o problema de delegar na escola determinadas tarefas, porque está claro que educar para a cidadanía é traballo de todos (Bolívar, 2007).

Dende esta perspectiva, en último termo, unha educación para a cidadanía conduce a formar cidadáns máis competentes civicamente e comprometidos nas responsabilidades, o que comporta pensar e actuar tendo presente a perspectiva dos outros (actuais ou futuros). Nese sentido unha educación moral conxúntase, como quería Freinet, cunha educación cívica: como se ha vivir nun mundo compartido con outros. Non é unha suposta “moral de Estado”, senón a ética básica ou mínima (coma os Dereitos Humanos) que calquera cidadán debería subscribir.

Ademais dun tratamento transversal, de acordo co proxecto educativo e a acción conxunta do profesorado, pódese ver reforzada cunha materia propia, como reflexión específica. De feito, así sucede na meirande parte dos países europeos, entre os que dezaseis xa a teñen establecida tamén como materia propia. Pero a Educación para a Cidadanía non pode reducirse a unha materia, cunhas horas de clase. É labor de todo o centro (*êthos* ou cultura, participación, acción conxunta compartida) e, máis alá, un asunto da comunidade (familia e municipio). Unha Educación para a Cidadanía, entendida como algo máis que unha materia, debe axudarse de todos os espazos educativos da escola e da cidade para convertelos nun factor de innovación.

Formar cidadáns significa logo, non



A educación para a cidadanía debe axudarse de todos os espazos da escola e da cidade para convertelos nun factor de innovación

ensinar unicamente un conxunto de valores propios dunha comunidade democrática. Cómpre, ademais, estruturar o centro e a vida na aula con procesos de diálogo, debate e toma de decisións colexiada, nos que a participación activa e a resolución de problemas da vida en común contribúan a crear os correspondentes hábitos e virtudes cívicas. É a configuración do centro escolar, como un grupo que comparte normas e valores, a que xera unha xenuína educación cívica.

Os problemas persisten e os modos de abordalos mudan. Por un lado, non se trata de transferirle á escola un conxunto de funcións, senón de asumilas conxuntamente; por outro, a cidadanía permite integrar os diversos valores ou temas transversais. En sociedades complexas como as actuais, a escola ten un papel de primeira orde á hora de

asentar a convivencia e a cohesión social da cidadanía. Á súa vez, hai que buscar accións comúns coa familia e na cidade.

Bibliografía

- BOLÍVAR, A. (1997) Temas transversales y educación en valores: Límites y problemas (29-47). En ROSALES, C. (Coord.) *II Congreso de Innovación Educativa (Desarrollo curricular de los temas transversales)*. Santiago de Compostela, Tórculo.
- BOLÍVAR, A. (1998) *Educación en valores. Una educación de la ciudadanía*. Sevilla, Consejería de Educación y Ciencia de la Junta de Andalucía.
- BOLÍVAR, A. (2007) *Educación para la ciudadanía. Algo más que una materia*. Barcelona, Graó.